

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA CON TRAMITACIÓN DE URXENCIA PARA A CONTRATACION DE 1 XEFE/A DE BRIGADA, 1 OPERARIO/A CONDUCTOR E 3 OPERARIOS/AS DE BRIGADA FORESTAL POR 3 MESES A XORNADA COMPLETA, EN MODALIDADE CONTRACTUAL LABORAL TEMPORAL POR OBRA/SERVIZO AO ABEIRO DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE ARTEIXO

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto a contratación de 1 BRIGADA (composta por un/ha xefe/a de brigada, un/ha operario/a condutor e 3 operarios/as de Brigada forestal) na modalidade de contratación laboral temporal por obra/servizo ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Arteixo, polo período de tempo de 3 meses, xornada laboral a tempo completo. A tramitación de urxencia ven motivada pola operatividade da brigada forestal imposta polo Convenio referido (operatividade: do 1 ao 31 de xullo de 2019)

2ª.- COMETIDOS FUNCIONAIS

As brigadas funcionarán de conformidade ao estipulado no referido Convenio entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Arteixo (cláusula terceira e seguintes) baixo a supervisión do Distrito Forestal, quedando a Brigada integrada por un/ha xefe/a de brigada e 4 operarios/as (un/ha deles operario/a condutor).

3ª.- DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

- a) As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo dirixíranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, presentándose preferentemente **no REXISTRO XERAL** do mesmo (dada a urxencia neste proceso de selección, os/as aspirantes que presentaren a Instancia en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas deberán remitir por mail a persoal@arteixo.org copia da Instancia sellada) no **prazo de 5 días naturais**, contados a partir do seguinte ao da publicación de anuncio de convocatoria nun diario dos de maior tirada provincial, toda vez se teñan publicadas as bases no taboleiro de edictos da Corporación, así como complementariamente na web municipal.
- b) A instancia irá inexcusablemente acompañada da seguinte **DOCUMENTACIÓN**:
 1. Fotocopia cotexada do **DNI** (no seu defecto, resgardo do DNI, pasaporte ou carné de conducir).
 2. Fotocopia da **titulación** requerida para o acceso ao posto:
Para xefe/a de Brigada A2: enxeñeiro de montes, enxeñeiro técnico forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente. Ademais terá que posuír o carné de conducir B
Para operario/a condutor: graduado ESO ou titulación equivalente e carné de conducir B
Para operarios/as: graduado ESO ou titulación equivalente

3. Certificado médico oficial ou informe sobre o estado de saúde, asinado por un médico colexiado en exercicio, no que se faga constar que o/a aspirante non presenta enfermidade ou discapacidade que impida o correcto desenvolvemento dunha proba de esforzo físico. Dito certificado cómpre ter unha antigüidade máxima de 3 meses respecto da data de realización da proba de resistencia física/esforzo. Non se terán en conta certificados médicos que non recollan o sinalado anteriormente, sendo que os/as aspirantes non poderán realizalos exercicios, quedando excluídos/as do proceso selectivo
4. Declaración xurada específica dos requisitos contemplados na Base 2º e) e f) ou, no seu caso, declaración contida no modelo de Instancia adxunto as presentes bases
5. Fotocopia de tódolos méritos profesionais e académicos que se desexen presentar, de conformidade ás presentes Bases (os méritos profesionais deberán acreditarse con copia dos contratos de traballo **máis o Informe de Vida Laboral** ou, no caso de Administracións públicas, certificado expedido polo fedatario público da Administración no que se explícite o posto de traballo, grupo de pertenza ou equiparación, duración do contrato/nomeamento e tipoloxía xornada
6. Fotocopia do título de Celga III ou equivalente (no prazo de non posuír o certificado de coñecemento de lingua galega, deberase realizar unha proba de lingua galega segundo o establecido nas presentes bases reguladoras)

REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES:

Os/as aspirantes que participen na presente convocatoria deberán reunir os seguintes **requisitos:**

1.- Nacionalidade: cúmprese este requisito nos seguintes casos:

- a) Ser español/a.
- b) Ser nacional dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado ó que en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europa e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- c) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais Estados Membros da Unión Europea, e, cando así o prevexa o correspondente Tratado, o dos nacionais dalgún Estado ó que en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europa e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinteún anos ou maiores de dita idade que viva a súas expensas.
- d) Así mesmo poderán participar os que non estando incluídos nos parágrafos anteriores se encontren en España en situación de legalidade, sendo titulares dun documento que lles habilite a residir e a poder acceder sen limitacións ó mercado laboral. En consecuencia, poderán participar os que se encontren en situación de residencia permanente, os que se encontren en situación de autorización para residir e traballar, así como os refuxiados.

2. Idade: Ter cumprido os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. So por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

3. Titulación e carnés profesionais:

- Para xefe/a de Brigada A2: enxeñeiro de montes, enxeñeiro técnico forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente. Ademais deberá posuír o carné de conducir B
- Para operario/a condutor: graduado ESO ou titulación equivalente e carné de conducir B
- Para operarios/as: graduado ESO ou titulación equivalente

4. Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas: de conformidade ao establecido no Convenio asinado entre o Concello de Arteixo e a Consellería de Medio rural da Xunta de Galicia, os/as aspirantes propostos/as á contratación, deberán realizar con carácter previo á efectiva contratación un recoñecemento médico con proba de física relacionada co posto de traballo. Así mesmo e de xeito complementario, deberán aportar certificado médico ou informe do estado de saúde que acredite a capacidade de realización das probas físicas de resistencia/esforzo.

Paralelamente ao inicio da prestación de servizos o Concello realizará un curso teórico-práctico dun mínimo de 16 horas impartido por enxeñeiro/a de montes ou forestal das materias determinadas no anexo IV do Convenio.

5. Non atoparse separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios ou para exercer funcións similares as que desenvolvían no caso de persoal laboral, no que houbo sido inhabilitado ou separado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. Asinarase Declaración xurada a este respecto, incluída no Modelo de Instancia recollido nas presentes Bases.

6. Non estar incurso/a en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas. Asinarase Declaración xurada a este respecto, incluída no modelo de Instancia recollido nas presentes Bases.

4ª.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

4.1 Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía-Presidencia ditará Resolución a maior brevidade posible, dado o trámite de urxencia desta convocatoria, polo que se declarará

aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as con indicación, se é o caso, dos motivos de exclusión e do prazo para a corrección da documentación. No caso de non existir aspirantes excluídos/as poderase elevar a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución, dando inicio ao proceso selectivo.

5ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

5.1. O Tribunal de selección estará composta polos seguintes membros:

- Presidente (titular e suplente): funcionario/a de carreira preferentemente dos grupos A1/A2 da Administración Local
- Secretario (titular e suplente), quen actuará con voz e voto: o/a funcionario/a que ocupe o posto de Secretario Xeral do Concello de Arteixo (titular) e/ou funcionario/a en que delegue (suplente)
- Vogais (3 titulares e 3 suplentes): persoal funcionario ou laboral fixo indistintamente, preferentemente de ámbito competencial relacionado co posto convocado.

5.2. A composición nominativa do Tribunal (titulares e suplentes) determinarase na mesma resolución pola que se aprobe a listaxe de aspirantes admitidos/as determinando data de constitución do Tribunal e de inicio da selección, respectando o principio de paridade e idoneidade técnica dos seus membros.

5.3. Os membros do Tribunal terán que absterse de intervir, notificando esta circunstancia ao Alcalde ou Concelleiro delegado, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público ou se encargaran das tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran as circunstancias de abstención reguladas nesta bases.

5.4. O Tribunal non poderá constituírse sen a presenza, polo menos, do/a presidente/a, o/a secretario/a e un/ha vogal. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a.

5.5. Todos os membros do Tribunal de selección terán voz e voto. O Tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan presentarse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e a normativa aplicable. O procedemento de actuación do Tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público.

6ª.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección será o de concurso-oposición, sendo previa a fase de oposición e pasando á fase de concurso unicamente os/as aspirantes que superen a oposición.

FASE DE OPOSICIÓN (máximo 15 puntos):

PRIMEIRO EXERCICIO: Puntuarase de 0 a 15 puntos, consistente na realización obrigatoria de diversas probas de esforzo/resistencia física/capacidade aeróbica:

1ª PROBA: carreira 1 quilómetro: en circuíto llano, establécense os seguintes tempos coa correspondente puntuación ate o máximo de 5 puntos:

Outorgaráselle unha puntuación de 4 puntos a todos/as aqueles/as que realicen un tempo de 5 minutos para os aspirantes masculinos e 5´30´´ para as femininas, mentres que para os demais establecerase unha puntuación correlativa que ascenderá ou descenderá 0,10 puntos cada 4´´.

2ª PROBA: carreira 3.200 metros con mochila: puntuación máxima 10 puntos

Consistirá en camiñar/correr moderadamente unha distancia de 3.200 metros en llano, cun peso de 11 quilos ao dorso durante un tempo máximo de 30 minutos. (Proba incluída en base á modificación introducida pola Resolución de 14 de maio 2019 da Dirección Xeral de Función Pública da Xunta de Galicia).

Os/as aspirantes que realicen a proba no tempo de 30 minutos serán cualificados con 7 puntos mentres que para os demais establecerase unha puntuación correlativa que ascenderá ou descenderá 0,10 puntos cada 60´´.

Dado o carácter eliminatorio da fase de oposición, unicamente pasarán ao 2º exercicio, os/as aspirantes que acaden a puntuación mínima de 7 puntos na suma da puntuación obtida en ambas dúas probas, sendo cualificados/as como Aptos/as.

2º EXERCICIO: EXAME DE LINGUA GALEGA: carácter obrigatorio salvo exentos/as e eliminatorio. Cualificación Apto/Non apto.

Proba dirixida á comprobación, por parte do Tribunal, de que as/os aspirantes comprenden, falan e/ou escriben corretamente o galego. Esta proba cualificarase como apto ou non apto.

Aos/ás aspirantes que acrediten, con carácter previo e da maneira normativamente establecida, o coñecemento da lingua galega, daráselles por superada esta proba coa cualificación de “apto”, para o que se lles esixirá o título Celga III ou equivalente (iniciación) de acordo coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 16 de xullo de 2007, na que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), artigo 2.4.

No suposto de non estar exentos/as deste exercicio, os/as aspirantes deberán obrigatoriamente realizar unha proba que consistirá nunha tradución escrita inmediata dun texto facilitado polo Tribunal en lingua castelá, á lingua galega, e que será cualificada como

apto/non apto. Non se permitirá preparación previa nin apoio documental ou bibliográfico. A duración máxima deste exercicio será de 30 minutos.

FASE DE CONCURSO: A puntuación total de fase de concurso é de 10 puntos, correspondendo ao 40% da totalidade do proceso selectivo.

A fase de méritos dos/as aspirantes, valoraranse de acordo co baremo establecido no apartado seguinte.

Non será eliminatorio non obter ningún punto na fase de concurso e a puntuación obtida será sumada á acadada na fase de oposición.

Os méritos aos que se fai referencia neste baremo, deberán posuírse na data na que se realice a selección, computándose, en calquera caso, a dita data, sendo valorados así mesmo, só os que se aleguen e xustifiquen documentalmente.

Por experiencia profesional no desenvolvemento de tarefas propias da categoría do posto convocado (Xefe/a de brigada ou operario/a de brigada forestal) ata un máximo de 6 puntos, segundo o seguinte:

PARA XEFE DE BRIGADA: por experiencia profesional tanto na empresa privada como na Administración Pública ata o máximo sinalado:

- 0,25 por cada mes completo como xefe/a de brigada, capataz de brigada e categoría asimilada que implique coordinación de equipo humano en materias de prevención e intervención en incendios forestais.
- 0,10 puntos por cada mes completo como operario/a de brigada ou calquera outra categoría profesional relacionada coa prevención de incendios forestais.

A experiencia profesional deberá acreditarse con Informe de vida laboral máis copia de contratos/nomeamentos ou, no seu defecto, certificado de servizos onde se especifique claramente datas de prestación do servizo e categoría profesional.

PARA OPERARIO/A CONDUCTOR/A E OPERARIOS/AS DE BRIGADA:

0,25 puntos por cada mes completo de experiencia laboral como operario/a de brigada ou calquera outra categoría profesional relacionada coa prevención de incendios forestais ata o máximo sinalado.

Por formación: (puntuación máxima neste apartado 4 puntos)

Valoraranse os títulos e cursos de formación e perfeccionamento recibidos relacionados coas funcións propias do posto de traballo a desenvolver, impartidos por organismos ou institucións oficiais dependentes das administracións públicas ou homologados por estas valoraranse os cursos e accións formativas relacionadas coas funcións de prevención de incendios forestais,

incluíndo as de prevención de riscos propias do posto: 0,10 puntos por cada 10 horas acreditadas ata o máximo sinalado.

Non se valorarán os cursos que non especifiquen o número de horas. Valoraranse en todo caso os cursos sobre seguridade e hixiene no traballo.

Os méritos acreditaranse mediante copias ou orixinais dos correspondentes títulos ou diplomas. En caso de estar en posesión de distintas titulacións, valorarase unicamente o nivel máis alto de formación.

A puntuación obtida na fase de concurso será computada na valoración final dos/as aspirantes que superaran a fase de oposición.

7ª.- LISTAXE DE APROBADOS/AS

Rematada as dúas fases de concurso-oposición, o Tribunal emitirá proposta de contratación por orde de prelación dos/as aspirantes segundo a cualificación total acadada (tanto para xefe/a de brigada, operario/a condutor/a e operarios/as de Brigada), que será elevada á Alcaldía do Concello de Arteixo, para a formalización das contratacións laborais correspondentes. A listaxe de aspirantes aprobados/as estará ordenada segundo prelación de puntuacións totais do proceso selectivo, sendo propostos/as á contratación o/a xefe de brigada que acade a primeira posición dos aspirantes coa titulación requirida e os/as 4 operarios/as (1 condutor/a e 3 operarios/as de Brigada forestal) quedando os/as demais aspirantes ordenados para supostos de rexeitamento, baixas voluntarias e similares ao abeiro da subvención concedida.

8ª.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

O/as aspirantes propostos/as a contratación, no prazo máximo de un día natural contado dende o día da selección, no que se indicaran as persoas aprobadas, deberá presentar no departamento de persoal do Concello de Arteixo, os seguintes documentos:

- a) Fotocopia que deberá presentarse co orixinal para a súa compulsa, do D.N.I.
- b) Xustificante acreditativo do número de afiliación a seguridade social.
- c) Xustificante do número de conta bancaria para o ingreso das súas retribucións.

9ª.- ADQUISICIÓN DA CONDICIÓ DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Polo Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Arteixo, formalizarase o contrato coas persoas seleccionadas, ata que se formalice o mesmo e se incorpore ó posto de traballo correspondente, o/a aspirante non terá dereito a percepción económica algunha. Con carácter previo á efectiva formalización do contrato e alta na seguridade social, os/as aspirantes propostos realizarán un recoñecemento médico segundo protocolo específico dos postos de traballo.

Os/as aspirantes seleccionados/as quedarán sometidos a un período de proba nos termos do artigo 14 do Estatuto dos traballadores.

10ª.- INCIDENCIAS

O Tribunal como órgano seleccionador queda facultado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso, en todo canto non estea previsto nestas bases.

11ª.- NORMA FINAL

Esta convocatoria e Bases reguladoras e cantos actos administrativos deriven da mesma, así coma as actuacións do grupo mixto en interpretación e cumprimento do contido nelas, poderán ser impugnadas polos/as interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común e Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

Para o non previsto nas presentes bases reguladoras será de aplicación o establecido no RDL 5/2015, do 30 de outubro, que aproba o Texto Refundido do EBEP, Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, RD 364/1995, de 10 de marzo, RD 896/1991 e demais normas concordantes de conformidade ao marco legal e normativo en vixencia.

ANEXO I: MODELO DE INSTANCIA

D./D^a..... con DNI.:
con enderezo.....
e telefono de contactomail.....

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da Convocatoria e Bases reguladoras do proceso selectivo para cobertura temporal dun posto de (sinalar cunha x o posto ao que opta):

- XEFE/A DE BRIGADA FORESTAL
- OPERARIO/A CONDUCTOR/A BRIGADA FORESTAL
- OPERARIO/A BRIGADA FORESTAL

E declarando explicitamente coñecer e aceptar as Bases reguladoras da Convocatoria, cumprindo tódolos requisitos establecidos nas mesmas (capacidade funcional ou non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a dita praza e non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme)

Apórtase a tal efecto a seguinte documentación: (marcar cunha X) ou solicítase se incorpore a documentación obrante no Rexistro de persoal

- DNI copia cotexada
- Copia titulación de acceso
- Certificado médico oficial
- Copia méritos académicos e profesionais
- Acreditación CELGA 3 ou equivalente (para exención da realización do exame de lingua galega)
- Carné de conducir tipo B para os postos de xefe/a de brigada e operario/a condutor/a

SOLICITA: sexa admitida esta Instancia para participar no proceso selectivo referido.

Data, DNI e sinatura do/a aspirante:

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS.- De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE ARTEIXO, con dirección PRAZA ALCALDE RAMÓN DOPICO Nº 1-15142 ARTEIXO (A CORUÑA). Os seus datos serán utilizados para o trámites estritamente necesarios relacionados coa súa solicitude. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá suponer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado. Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas derivadas da súa solicitude e, os mesmos poderán ser publicados nas listaxes resolutivas de admitidos, no Boletín Oficial correspondente, taboleiro de edictos municipal e páxina web. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento. O CONCELLO DE ARTEIXO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade na dirección PRAZA ALCALDE RAMON DOPICO, Nº 1-15142, ARTEIXO (A CORUÑA), aportando copia do seu DNI.

Á ATENCIÓN DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARTEIXO